

# ACORDO PERSOAL SPIF

O día 8 de febreiro celebrouse unha xuntanza entre a Dirección Xeral da Función Pública e as Organizacións Sindicais sobre o **acordo regulador das condicións de traballo no SPIF**. Nesta xuntanza **concretáronse todas as melloras acadadas nas xuntanzas previas** mantidas coa Consellería do Medio Rural e a próxima semana o acordo pasará pola Mesa Xeral de Negociación e pola Comisión de Persoal, para posteriormente ser ratificado no Consello da Xunta do próximo día 15 de febreiro. Nestes intres, **CCOO, CSIF e UGT** mantemos abertas todas ás liñas de diálogo coa Administración para mellorar no acordo final á oferta económica acadada ate agora.

## Que conseguimos?

### **UN ACORDO PARA TOD@S**

O **ámbito de aplicación** inclúe a todo o persoal funcionario (de carreira e interino) e ao persoal laboral (fixo ou temporal) que ocupa postos de persoal funcionario. Asemade, incluírá unha cláusula que habilite a súa futura extensión ao persoal fixo discontinuo.

**Unha carteleira con criterios unificados** para tódolos distritos e negociada na Dirección Xeral de Defensa do Monte coa Comisión de Seguimento.

Xornadas de **10 horas sen prolongacións** (salvo incendios de nivel 2, cun máximo de dúas horas pagadas como gratificacións por servizos extraordinarios)

**Quendas de 7 días de traballo cada dúas semanas:** luns-mércores-sábado-domingo / martes-xoves-venres

**Redución da xornada máxima anual** de 1665 horas a 1550 (182 días de traballo (1820 horas – vacacións (270 horas) = 1550 horas). Máximo de **155 días de traballo efectivo**.

**Libranza en fins de semana alternos e da metade dos festivos anuais:** inclusión dos días **24 e 31 de decembro** como festivos a efectos de descanso e/ou cobro

**FIN das prolongacións de xornada**

**Cambio de quendas** con autorización do responsable de persoal e un descanso de 12 horas entre quendas

Entrega das **carteleiras anuais no mes de decembro** do ano anterior

**Vacacións: 27 días laborables** a escoller polo traballador/a durante todo o ano

**Desfrute independente de ata 6 días laborables de vacacións por ano natural**

**Pago de tódolos domingos e festivos traballados** (nestes intres a oferta é de 140 euros cada dous domingos e/ou festivos para o C2 e de 160 euros para o C1). Na xuntanza de hoxe reclamamos chegar aos 170 euros para o C2 e 190 euros para o C1.

Estas **cantidades** serán **actualizadas** coas subidas salariais establecidas na Lei de Orzamentos

Un período de **vixencia de 3 anos**

**Entrada en vigor antes do 1 de maio de 2024**